

**“ PLAN DE CONTIXENCIA
CEIP VIRXE DE GUADALUPE”**

O protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, establece no apartado 10.5. das medidas organizativas do centro, a obrigabilidade de elaborar un “Plan de Contixencia” , no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

1. Medidas concretas do CEIP Virxe de Guadalupe.

Tendo en conta o exposto anteriormente, o CEIP Virxe de Guadalupe, establece as seguintes medidas no caso da suspensión das clases presenciais, ou para aqueles alumnos que por circunstancias derivadas da COVID-19 (cuarentenas, presenza de sintomatoloxía compatible...) non acudan ao colexio temporalmente.

1. O equipo COVID do centro identificará previamente ao alumnado con falla de conexión a internet ou teña carencias de equipamento para poder seguir as clases a distancia. Estas carencias serán subsanadas, na medida do posible, polo propio centro (préstamo de TABLETS) mentres as autoridades educativas establezan outras vías.
2. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual creada polo colexio. Nesta aula virtual, cada alumno terá acceso aos contidos que o profesorado colgue na rede, tanto se o grupo está totalmente confinado, como se se tratan de casos aillados.
O profesorado de cada materia será o encargado de establecer as seguintes cuestións:
 - Tempos de entrega das actividades.
 - Canles para a súa entrega.
 - Criterios para avaliar as actividades.
3. Nos cursos 4º, 5º e 6º de primaria, o alumnado poderá seguir as clases por videoconferencia a través da plataforma “CISCO WEBEX”, en horario normal de clase. Como nos casos anteriores, tanto para todo o grupo, como para casos aillados.
As aulas estarán equipadas cos elementos necesarios para poder impartir as clases a distancia.
No caso do alumnado do resto de cursos, non se considera pedagóxicamente axeitado impartir clases a través desta canle, polo que no caso de suspensión, utilizarase a “Aula Virtual” como medio exclusivo.
4. O alumnado recibirá instrucións no mes do setembro de cómo usar esta “ Aula Virtual”e a plataforma “ CISCO WEBEX “ así como tamén serán informadas as familias a través dos distintos titores.
5. Con motivo da suspensión das clases no curso 2019-2020, o colexio e o Concello estableceron unha colaboración para facer chegar material ao alumnado. No caso de producirse unha suspensión prolongada este curso, estableceranse os mesmos mecanismos.

6. A canle informativas para as familias será preferencialmente o correo electrónico, e de ser necesario, a chamada telefónica.
7. A avaliación das materias ao final de cada trimestre dependerá das circunstancias, imposibles de predecir, de cómo se desenvolvan as clases, tanto se non hai presencialidade grupal, como individual. En todo caso, optarase pola máxima flexibilidade, seguindo o espírito do curso pasado, e mentres no haxa criterios concretos por parte da administración.

2. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.

Proceso de reanudación das clases

- Aos efectos de determinación do nivel de risco, a autoridade sanitaria poderá volver avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.
- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. O modelo proposto establece catro fases:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

A duración pode ser variable, pero aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas. Os obxectivos desta fase son:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuitos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada -

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

A duración será de 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento. Ten como obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

A duración será de 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso. Ten como obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.

3. Canle de información para toda a comunidade educativa.

A comunidade educativa será informada através do correo electrónico da posibilidade de consultar este “ Plan de Continxencia” na Web do centro, onde será debidamente subido en canto esté finalizado.